

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MATRÍCULA NA ESPECIALIDADE EN XÉNERO E POLÍTICAS DE IGUALDADE DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA

CURSO 2021/2022

A Universidade da Coruña, en colaboración co **Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades**, convoca, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de matrícula destinadas á realización do **Especialidade en Xénero e Políticas de Igualdade do Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria (MOPS)**.

1.- FINALIDADE

En consonancia coa ordenación xeral das políticas de igualdade e a perspectiva de xénero fomentada polos poderes públicos, trátase de favorecer a dimensión transversal da igualdade de xénero desde os estudos de educación superior.

2.- DOTACIÓN ORZAMENTARIA

O importe total das bolsas realizarase con cargo á subvención concedida polo Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades ao abeiro da convocatoria e subvención para a realización de posgraos de actividades de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para o ano 2021, mediante resolución do 28 de Maio de 2021 por importe de 15.000€ concedidos á Especialidade en Xénero e Políticas de Igualdade do **Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria** con cargo á partida 6150420019 422D 48000.

3.- CONDICIÓNS XERAIS PARA SER BENEFICIARIO/A

Poderán ser beneficiarios/as os/as solicitantes que a data de finalización do prazo de solicitudes reúnan os seguintes requisitos:

- Estar matriculados/as nos 30 créditos da Especialidade en Xénero e Políticas de Igualdade do Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria no presente curso 2021/2022.
- Non ter desfrutado desta bolsa ou de calquera outra destinada á mesma finalidade nos cursos anteriores.
- Posuír nacionalidade española, ser nacional dun país da Unión Europea ou de terceiros países cando se acredite a condición de residente en España, non tendo esta consideración quen se atopen en situación de estadia.
- Non será aplicable a existencia de nota mínima nos estudos previos de acceso ao máster.
- No presente curso, como excepción, e debido á altura do curso na que estamos, non se esixen criterios económicos.

4.- CONTÍA DA BOLSA

A contía máxima da bolsa serán o coste da matrícula dos **60 créditos de segundo curso**, de acordo co Decreto 103/2021, de 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e

administrativos nas universidades do Sistema Universitario Galego para o curso 2021-2022 (DOG do 1 de xullo 2021).

5.- INCOMPATIBILIDADES

Estas bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsa destinada á mesma finalidade. Non poderá, pois, beneficiarse, o estudiantado con bolsa do Ministerio que está exento de pagar as primeiras matrículas. **Con cargo a esta convocatoria serálle aboadas as taxas que non cubre o Ministerio: créditos recoñecidos, seguro médico, así como as segundas matrículas no caso de as ter.**

6.- SOLICITUDES

As solicitudes poderán presentarse por rexistro na UXAI da Facultade de Socioloxía do Campus de Elviña ata as 14h do día **1 de XULLO de 2022** a través do formulario ao que pode accederse desde a páxina web da Facultade de Socioloxía. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria. Tamén poderán presentarse nos rexistros que determina a Ley 39/2015, no seu artigo 16.

7.- DOCUMENTACIÓN

Xunto á solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa de formación complementaria (cursos, xornadas...) e experiencia (profesional, de voluntariado...) en materia de xénero e políticas de igualdade.

8. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria e ata o **1 de XULLO de 2022**.

9. SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS

As bolsas concederanse aos/ás estudantes que reúnan as condicións para ser beneficiarios/as e tendo en conta, este curso, unicamente os requisitos académicos (nota media da titulación de acceso ao máster e formación e experiencia en xénero e políticas de igualdade).

10. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará integrada por Cristina López Villar como Vicerreitora de IGUALDADE, CULTURA E DEPORTE da UDC, por Belén Fernández Suárez, como Coordinadora do Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria (MOPS), e por Beatriz López-Cortón Díaz, como Responsable PAS da UXAI da Facultade de Socioloxía.

11.- RESOLUCIÓN

A resolución da convocatoria corresponderá ao Vicerreitorado de Igualdade, Cultura e Deporte. Farase pública no taboleiro electrónico da Universidade da Coruña.

Porá fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación ou ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes.

O prazo máximo para resolver a convocatoria será de tres meses a partir da data de finalización da presentación de solicitudes. Transcurrido dito prazo sen que se tivese publicado a resolución, poderán entenderse desestimadas as solicitudes.

12.- RECURSOS

A presente resolución esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, en virtude do disposto no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que dictou o acto, de conformidade co disposto no art. 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13.- RÉXIME XURÍDICO DA CONVOCATORIA

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación supletoria o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 21 do 25 de xuño de 2007) e no seu regulamento aprobado por decreto 1/2009 do 8 de xaneiro (DOG núm. 20 do 29 de xaneiro). Tamén será de aplicación supletoria o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, modificado polo Real decreto 1541/2022 do 22 de febreiro, polo que se establece o réxime das bolsas ao estudo personalizadas (BOE núm. 15 do 17 de xaneiro de 2008).

As bolsas obxecto desta convocatoria estarán exentas do IRPF nos termos previstos no artigo 7 j) da Lei 35/2006 do 28 de novembro, reguladora do imposto da renda das persoas físicas (BOE núm. 285, do 29 de novembro do 2006), e o artigo 2 do seu regulamento (Real Decreto 439/2007 do 30 de marzo (BOE núm. 78 do 31 de marzo).

14.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De acordo coa normativa xeral relativa á protección de datos persoais da UDC. Aprobada polo Consello de Goberno de 23 de xullo de 2019, co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é xestionar a concesión de bolsas á matrícula na especialidade de xénero e políticas de igualdade do Máster de Políticas Sociais e Intervención Social e Comunitaria (MIPS) do establecemento superior UDC. O acceso a estes datos coa citada finalidade cumpriran

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria e conservanse debidamente bloqueados para os efectos da posible existencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá de reito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado de Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presente convocatoria e os sucesivos actos do procedemento de concesión cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicadas no taboleiro electrónico oficial da Universidade da Coruña

A Coruña, a 31 de MAIO de 2022

BELÉN FERNÁNDEZ SUÁREZ

A COORDINADORA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN
SOCIOCOMUNITARIA

SOLICITUDE DE BOLSAS PARA A ESPECIALIDADE EN XÉNERO E POLÍTICAS DE IGUALDADE DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA

BOLSAS DE MATRÍCULA

Curso 2021/2022

Datos persoais do/a solicitante:

| | |
|------------|----------|
| APELLIDOS: | |
| NOME: | DNI/NIE: |
| TELÉFONO: | E-MAIL: |

Lin e acepto a Política de Privacidade e de Protección de Datos da Universidade da Coruña (https://www.udc.es/pe/politica_privacidade/)

A Coruña, a de de 2022

(sinatura)

DATOS DA CONTA BANCARIA

| | | | | |
|-------------------------|----------|---------|------|-------------|
| NOME DA ENTIDADE: | | | | |
| LOCALIDADE E PROVINCIA: | | | | |
| CÓDIGO CONTA CLIENTE | | | | |
| CÓD. IBAN | ENTIDADE | OFICINA | D.C. | Nº DE CONTA |
| | | | | |

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- UXAI da Facultade de Socioloxía
- Rexistro Electrónico da Universidade da Coruña.
- Rexistro Xeral e calquera dos Rexistos Auxiliares da Universidade da Coruña.
- Mediante algún dos medios establecidos no art. 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De acordo coa normativa xeral relativa á protección de datos persoais da UDC. Aprobada polo Consello de Goberno de 23 de xullo de 2019, co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é xestionar a concesión de estas bolsas de matrícula. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible existencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado de Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI.

Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).